




NOTA

A editorial La Catarata ven de publicar o traballo *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura*, editado por Lourenzo Fernández Prieto e Aurora Artiaga Rego (Grupo HISTAGRA).



Sobre o traballo:

A premisa coa que os autores do estudo parten, resúmese na seguinte frase: “Sabemos pouco do pasado e boa parte é mentira”. Entón, que facer coa memoria era o que non sabía a xeración da Transición. Volver a ese pasado é o que levan facendo historiadores e historiadoras desde hai décadas, coincidindo co proceso coñecido como recuperación da memoria histórica. Pero o relato colectivo dese pasado incómodo de golpe, guerra e ditadura mantívose conxelado nos relatos franquistas-antifranquistas pasados polo baruto da reconciliación na Transición. É momento agora de intentar construír un novo relato e temos sobrados fundamentos historiográficos para facelo. Isto é, precisamente, o que realizamos nesta publicación.

Sobre os autores:

Todos os autor@s fixeron ou están a facer as súas teses no Departamento de Historia Contemporánea e América da USC, con profesores como R. Villares o X. R. Barreiro. A maioría pertence ao grupo Histagra (www.histagra.usc.es) e unha parte participou directa ou indirectamente no Proxecto Nomes e Voces (www.nomesevoces.net) entre 2006 e a actualidade.

Lourenzo Fernández Prieto (Ribadeo, 1961). Catedrático de Historia Contemporánea. I.P do grupo Histagra. **Aurora Artiaga Rego** (Mondoñedo, 1960). Profesora titular de Historia Contemporánea. Doutora pola Universidade de Santiago de Compostela. **Miguel Cabo Villaverde** (Santiago de Compostela, 1970). Profesor titular de Historia contemporánea e Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela. **Antonio Míguez Macho** (Santiago de Compostela, 1979). Contratado Marie Curie na Universidade de Santiago de Compostela e Doutor en Historia. **Francisco J. Leira Castiñeira** (Ferrol, 1987). Licenciado en Historia, Máster en Historia contemporánea por la Universidade de Santiago y

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvemento Regional



Máster en Ciencias Documentales por la Universidade da Coruña. **Daniel Lanero Táboas** (Vigo, 1977). Investigador contratado Ramón y Cajal na Universidade de Santiago de Compostela e Doutor en Historia Contemporánea. **Ana Cabana Iglesia** (Castro de Rei, 1976). Profesora contratada de Historia Contemporánea e Doutora en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. **Araceli Freire Cedeira** (Arteixo, 1985). Doutora en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. **Xesús Balboa López** (Sarria, 1960). Profesor titular de Historia contemporánea, Doutor en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. **Eduardo Rico Boquete**. Profesor titular de Historia Contemporánea. Doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. **Alba Díaz-Geada** (Alfoz, 1985). Doutora en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. **Andrés Domínguez Almasa** (Vigo, 1966). Profesor no departamento de Didáctica das linguas, a literatura e as ciencias sociais (USC). Doutor en Historia Contemporánea. **Borja Santiago Arnoso** (Corcubión, 1986) Licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela.

Ligazóns de interese:

<http://www.catarata.org/libro/mostrar/id/959>

Patrocina:

**UNIÃO EUROPEIA**Fundo Europeu de
Desenvolvemento Regional